

GALEDUSO

A revista do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Número 11 • Ano 2015




colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Educación Social
e persoas maiores

ÍNDICE

• PARA COMEZAR	
– Intro. Persoas maiores: espectadoras ou protagonistas? _____	02
• SER E FACER	
– Centro Comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”. Concello de Narón. Entrevista a Ana Estévez Fernández _____	06
– CDR O Viso: a forza da comunidade organizada: Antonio R. Corbal _____	12
– Lembrar no museo 2005-2011. Xosé Carlos Sierra Rodríguez, Rosa Lamas Casado, Pilar Iglesias Armada, Fátima Braña Rey _____	17
– Un campo de traballo “social”: experiencia bidireccional. Millán Brea Castro _____	20
– Benvidos ó confort. Ángeles Álvarez Pereira. _____	25
– Intervención socioeducativa desde os Centros de Día. Alba Campos Sotelo _____	28
• CAIXA DE FERRAMENTAS	
– A ter en conta. M.ª Carmen Gutiérrez Moar _____	36
– Mira, le e escoita. M.ª Carmen Gutiérrez Moar _____	42
– Coleccionable. Tempos Modernos 2. (Algunhas) Historias de amor. Celso Fernández Sanmartín _____	46
• TEMPOS DE EDUCACIÓN SOCIAL	
– A profesionalización da educación social na xerontoloxía como logro de futuro. Marichu Calvo de Mora _____	52
• DÁNDOLLE VOLTAS	
– A planificación centrada na persoa. Un novo paradigma na educación social. Quico Mañó Balanzó _____	60
– XI Xornadas interxeracionais do Campus de Ourense. Serxio García Souto _____	74
• CEESG INFORMA	
– GEIX. Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do Ceesg. Mónica Serrano Soto _____	78

Edita:

Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia
www.ceesg.org
ceesg@ceesg.org
981 552 206


Consello de Redacción:

Tania Merelas Iglesias
Ramón Molina Gómez
Belén Piñeiro Álvarez
Sofía Riveiro Olveira

ISSN: 1696-1730

DL: C 594-02





Para comenzar...



Introducción

Sofía Riveiro Olveira
Presidenta do Ceesg

INTRO. Persoas maiores: espectadoras ou protagonistas?

A resposta a esta pregunta podería ser un *depende*. Falar de persoas maiores é tocar un amplo número de persoas que o que seguro que teñen en común é a idade. Son maiores; grandes, enormes, poderíamos chamarlles. Cada quen recolle a súa historia persoal e única, de aí a súa riqueza e valor, de aí a súa relevancia e respecto. Atopámonos con persoas con personalidades ben distintas, que son o seu carné de identidade desde que nacen ata que morren, pero que as (nos) identifica. Podemos dicir que nesa maleta das características persoais estará se foron e son persoas activas, ou se, pola contra, se conformaron con facer ou ser máis observadoras, máis espectadoras.

Este traballo é un convite a sermos nós as espectadoras e darlles o protagonismo e o lugar que merecen ás persoas maiores, co compendio de traballos que fomos seleccionando, desde unha ollada socioeducativa.

Jaume Funes, no seu libro *“O lugar da infancia: criterios para ocuparse dos nenos e nenas hoxe”* fala precisamente diso, doutro amplo número de persoas que o que teñen en común tamén é a idade. O eixe fundamental desta obra citada xira arredor da idea do maltrato institucional á infancia que se xera dende as administracións e, á vez, do estado de soidade en que se encontran as-os profesionais que traballan por unha infancia ben atendida (Vilar, 2008).

Isto mesmo é o que tamén preocupa ás educadoras e educadores sociais que traballamos con persoas maiores, o maltrato institucional, o estado de soidade de profesionais e de persoas maiores, a atención que reciben (que lles ofrecemos), e tamén nos preocupa e destacamos aqueles proxectos e recursos válidos e destacables pola súa calidade e humanidade.

Buscamos o lugar da vellez, e atopámonos con que, ó igual que recolle a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006),

o lugar das persoas maiores son *todos os lugares*, nos que estiveron ata o de agora e nos que deberían seguir estando; en contornas que sexan favorables para a saúde, o benestar, a autoestima, a dignidade e a autonomía das persoas maiores e que teñan en conta as súas necesidades específicas, tamén as de xénero.

Este monográfico fala de educación social e persoas maiores, é dicir, fala da posibilidade de accións socioeducativas coas persoas maiores dirixidas ó seu desenvolvemento integral, quedando patente o principio de educación ó longo da vida. Pero tamén a posibilidade de aprendizaxe mutua, onde nós, non tan maiores, aprendemos, e moito, desa sabedoría que só pode dar a experiencia e os anos vividos.

Freire (1990) lembrábanos tres principios básicos a ter en conta polas persoas que traballamos con maiores:

1. O proceso de formación é permanente, tanto en sentido temporal como temático.
2. A aprendizaxe significativa, como un fundamento para a vida cotiá.
3. Os procesos de reconstrución, realizados a través de prácticas problematizadoras e en escenarios de aprendizaxes dialóxicas.



Todos estes principios veñen a pór de manifesto a necesidade de buscar espazos para a comunicación, onde as persoas maiores adquiren o protagonismo que parece que lles fomos sacando, debido ós cambios producidos a todos os niveis (modelos familiares, movementos sociais, situacións laborais, ...). Necesidade tamén de reivindicar o principio de avellentamento activo para elas e o da planificación centrada na persoa, para nós. Persoas maiores e profesionais, espectadoras e protagonistas dun mesmo tempo, este, que nos sitúa na responsabilidade de atopar a felicidade no día a día das nosas vidas, responsabilidade compartida e reproducida en todas as esferas profesionais e persoais.

En 2008 a RES (Revista de Educación Social, do Consello Xeral de Colexios Profesionais de

Educación Social) publicaba un monográfico, o número 8, con este mesmo tema de “Educación Social e Persoas Maiores”, onde falaban do estado da cuestión, deixando o tema aberto e sen pretender esgotalo con esa entrega. Podemos

asegurar que o tema non está consumido para nada, xa que aínda quedan moitas experiencias e recursos para dar a coñecer. Esa mesma pretensión é a nosa: é un tema aberto e con moito que dicir.

**VI Jornadas
de Educación Social
e Xerontoloxía**

*Boas prácticas: profesionalización e
experiencias xeragóxicas*

Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Ceesg

ceesg
centro de estudos e investigación en xerontoloxía

**OURENSE
1 DE OUTUBRO
2014**

En 2014 organizamos, a través do grupo de estudos e intervención xeragóxica do Ceesg, Geix, as VI Jornadas Internacionais de Educación Social e Xerontoloxía. “Boas prácticas: profesionalización e experiencias xeragóxicas”. Este evento nutriu nos parte dos contidos da Galeduso, tamén visitamos un Centro Comunitario de Narón onde a educación social está moi presente, escollemos as mellores ferramentas, lemos as historias que Celso de Lalín recolleu das persoas maiores coas que traballou, deixamos constancia das nosas preocupacións e deixamos escribir a quen quixo e sabe, profesionais e estudantes de educación social.

O conxunto de achegas que recompila esta revista quere facerse suxestivo e directo, e non deixar indiferente a quen a lea. Que así sexa!

Ser e facer

Espazo dedicado a (re)pensar o papel da educación social no noso entorno máis inmediato, a partir da presentación de diferentes experiencias profesionais que levan anos apostando pola educación social no traballo coas persoas maiores.

Na “Tarxeta de visita” amosamos o Centro Comunitario “Manuela Pérez Sequeiros” que dende a súa creación no ano 2010 leva estampado o selo da educación social. No apartado “Laboratorio creativo” descubriremos distintas experiencias con persoas maiores, algunhas delas presentadas como comunicacións orais no marco das VI Xornadas Internacionais de Educación Social e Xerontoloxía que tiveron lugar o 1 de outubro de 2014 organizadas polo Geix (Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do Ceesg)

Tarxeta de visita

CENTRO COMUNITARIO “MANUELA PÉREZ SEQUEIROS”;

Xestión de “Geriatros”. Concello de
Narón.

Datos do centro:

Nome: Centro Comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”

Dirección postal e teléfono. Calle María Casares S/N. 15570. Narón. A Coruña

Correo electrónico:
altocastano@geriatros.com

Tipoloxía: Centro comunitario

Ano de Fundación: 2010

Algún outro dato de interese, se é preciso: Traballan a integración de servizos comunitarios con atención á persoa maior e á dependencia, pois tamén contan con Centro de día.

Equipo profesional e organigrama:

- 1 Coordinadora, Educadora Social
- 1 Educadora social, como apoio na coordinación e monitorizando actividades
- 1 Educadora social, para a execución de actividades
- 2 Terapeutas ocupacionais
- 12 Monitores especializados en distintas actividades
- 4 Xerocultoras (2 a xornada completa, e outras 2 a media xornada)
- 1 Podólogo
- 1 Masaxista
- 1 Técnico de mantemento
- 3 camareiras-limpadoras
- 1 cociñeira

Como definirías o centro comunitario “Manuela Pérez Sequeiros” en poucas palabras? (Finalidade, misión e visión, valores...)

A infraestrutura foi creada para desenvolver actividades sociosanitarias, socioeducativas, socioculturais, medioambientais, hoteleiras e de ocio a través da prestación de servizos á comunidade, dando valor ó traballo comunitario e servizos endóxenos; compatibilizando a conservación e sustentabilidade da infraestrutura co uso e desfrute das persoas.

Que programas e actividades desenvolvedes?

As actividades que se desenvolven no centro están enfocadas dentro de Programas, os cales están destinados para toda a poboación en xeral, e non fai falla ser socio do centro para poder acudir ás diferentes actividades.

Os programas confórmanse de diferentes actividades que poden sufrir algunha variación ano a ano, pero trabállase moito cas que máis éxito teñen.

Os programas que se están a desenvolver agora mesmo, cas actividades máis explícitas serían:

Programa Municipal – Avellentamento Activo:

Actividades de carácter psico-terapéutico dirixido preferentemente a persoas maiores de 60 anos do Concello de Narón, dando un prazo previo de inscrición e se cando remate dito prazo, aínda hai prazas, pode acceder calquera persoa. Aquí atopámonos actividades como:

- Ximnasia rehabilitadora
- loga
- Memoria
- Apoio á informática
- Labores
- Curso de comunicación
- Obradoiro de lectura e escritura
- Canto coral
- Cancións de animación

Actividades do Programa Comunitario, para Adultos:

Actividades de carácter psico-terapéutico, socio-educativas e lúdicas, dirixidas a tódolos públicos. Atopando:

- Ximnasia rehabilitadora
- loga
- Memoria
- Pilates
- Zumba
- Danza oriental
- Musicoterapia

- Bailes sociais de salón
- Sevillanas
- Manualidades e restauración
- Costura, corte e confección
- Debuxo/Pintura
- Curso de redes sociais en internet
- Cursos de “Cociña saudable”

Actividades do Programa Comunitario, Infantil:

Actividades destinadas ao colectivo de infancia, e as súas familias:

- loga para bebés
- loga en familia
- Bailes de animación
- Danza oriental
- Cancións de animación
- Manualidades recicladas
- Escola de verán 2015
- Obradoiros de Nadal

Servizos Permantes:

- Centro de Día Municipal de Narón: estancias diúrnas para persoas maiores

- Programa de Hidroterapia e masaxes
- Sala Infantil
- Servizo de Podoloxía
- Servizo de Perruquería
- Parque Biosaudable

Servizos de Hostalería, Cafetería, Comedor (menú diario), Celebración de cumpreanos familiares

Outros cursos:

- Excursións
- Bailes-festivals
- Guateques
- Xornadas de xogos populares e predeportivos
- Conferencias
- Obradoiros de saúde
- Campionatos de Xogos de mesa

Para quen traballades?

Para toda a comunidade, sen ningún tipo de distinción.

Con quen?

Cos traballadores e a comunidade.

Educación Social e o centro comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”

Que papel ten a Educación Social no centro comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”? Que aporta a Educación Social aos proxectos do centro?

O papel que ten a Educación Social na nosa entidade é que é a liña de actuación. Todo o que traballamos é traballar coa comunidade, coa sociedade, e a nosa liña de traballo é a educación, a Educación Social, en tódolos seus aspectos; incluso aqueles monitores que están especializados nunha actividade concreta, precisan de nós como profesionais para o traballo que realizan cás persoas. Moitos deles cambiaron o “chip”, non se trata de chegar e dar unha clase de ioga, trátase de chegar, entendelos, coñecelos e aportarlles unha parte a maiores do ioga, por exemplo.

E en relación a que aporta a Educación social aos nosos proxectos, un pouco máis do mesmo, pois é a nosa liña de traballo. Todo se realiza a través da educación social, aínda que é moi importante combinala educación social có traballo en xeriatría e xerontoloxía, que se realiza no centro de día que realizan os expertos da empresa que nos axudan. Ten que ser un conxunto de todo.

Que funcións desempeña unha educadora social nos vosos programas, actividades, etc?

As educadoras sociais elaboramos os proxectos, coordinamos os profesionais que imparten as actividades, levamos a avaliación dos mesmos, traballamos con eles para aportarlles a parte educativa que o mellor eles descoñecen, levamos o seguimento e control de cada unha das actividades e das persoas, usuarios que o precisan, unha atencións máis individualizada. En xeral, facémolo todo.

Dende cando hai contratadas educadoras sociais no centro comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”?

Dende o primeiro día, neste centro dende que se inaugurou, e no programa de educación a maiores dende o Concello de Narón dende que eu empecei fai 13 anos. Sempre se apostou dende o concello pola figura do educador social, nos centros comunitarios e programas de avellentamento activo.



Como son as relacións entre os perfís profesionais dentro do centro comunitario “Manuela Pérez Sequeiros”?

De total colaboración; é un esforzo que estamos a facer dende a coordinación para que tódolos profesionais esteamos interrelacionados entre nós. Quizais sexa porque somos as dúas coordinadoras Educadoras Sociais que o temos moi claro, e temos o apoio da empresa para elo. Dende a limpadora, que esta de reforzo, ata eu como coordinadora, traballamos en conxunto e intentamos aportar un grao de area para o centro e as actividades funcionen.

Educación Social e Traballo coas Persoas Maiores

O porque da educación social no ámbito das persoas maiores?

Porque a mesma palabra o di, se trata de educación social e as persoas maiores xa non son

nenos, aínda que a sociedade moitas veces os siga tratando como tal. Son persoas maiores que teñen carencias porque a vida non lles deixou cubrir esas carencias e agora é o momento en que se poidan cubrir a nivel educativo, a nivel formativo, ocio, socialización... É o momento de que vivan, e vivan cun mínimo de dignidade e felicidade. E para iso está a Educación Social.

A formación inicial e continua no traballo con persoas maiores na educación social: realidade e propostas de mellora.

A formación inicial é moi moi escasa, polo menos cando eu fixen a carreira, tamén é verdade que pasaron moitos anos, pois son da primeira promoción. A educación continua segue estando moi coxa, é moi difícil atopar manuais prácticos, hai moita teoría e hai moita xente que fala, pero ninguén da guías... Voto de menos guías e realidades para poder comparalas e traballar. Ademais, a realidade de cada zona é totalmente diferente, non é o mesmo traballar a educación social en Ferrolterra, con moito xubilado de 60 anos, dos estaleiros, por exemplo, como traballala nun medio rural, ou como outro tipo



de cidades. Co cal penso que é moi complexa, e que debería estar máis centralizada por zonas, con persoas de reforzo que puideran estar facendo un traballo de investigación previo ao traballo práctico. Pero é unha utopía de momento, supoño.

E con respecto as propostas de mellora, o que estou dicindo, que se volque máis no tema da investigación, pero dentro dos equipos de traballo. Imaxínate, unha persoa que estea traballando aquí comigo, e que poida ter eu tempo para levar un estudo de realidade, senón sería imposible. As teorías xenéricas non valen, penso eu.

Que precisa unha educadora/or social para traballar a educación con persoas maiores?

Necesita ilusión, necesita gañas, necesita moitísima humanidade, necesita moitísima paciencia e traballar sempre aprendendo deles e do entorno que rodea ao maior; e pensando que as estratexias de traballo as vai dar o propio grupo co que traballas. Paciencia para

empezar, empezar cás túas propostas pero ilas adaptando pouco a pouco ao grupo co que estás traballando, senón é imposible.

Valoración da situación actual e posibles liñas estratéxicas de traballo.

A situación actual, no momento de crise que estamos pasando é moi complexa. Está claro que o que seguramente menos interesa, a nivel político ou do propio sistema, é investir en educación, en tempo libre, ocio, persoas maiores... Sen embargo, é fundamental; unha persoa que está socializada, unha persoa que está entretida, unha persoa que é feliz, que se sente ben consigo mesma, está alongando a súa vida activa. Senón acabará nalgunha residencia ou centro de día, co cal é un traballo perdido.

E estratexias de traballo, non me atrevo a dicilas... Que a xente se forme e que os políticos e o propio sistema non trate á xente maior como un xa “non valor”, porque é un valor importantísimo na nosa sociedade.



CDR O Viso



CDR O Viso: a forza da comunidade organizada

Antonio R. Corbal. Voceiro do CDR


Somos unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade pública. Coa misión de “acompañar á xente do medio rural limiá en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda persoa e a todas as persoas”. E a visión de sermos un referente da “utopía realizable” no medio rural galego, cunha estratexia de desenvolvemento integral a través de accións globais de carácter social, educativas, informativas, económicas, de formación e emprego para que a nosa comunidade permaneza no seu medio, en mellores condicións e cunha maior calidade de vida.

O punto de partida que se cita é a constitución da Asociación cultural O Cruceiro no ano 1985 precursora do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso no 1990 pero a min gústame dicir que o punto de partida é/foi a experiencia

da autoorganización do benestar que se tivo que procurar a comunidade rural, porque a Administración aquí non chegaba. Se quixemos ter a auga nas casas, os camiños arraxados... fixémoslo os veciños e veciñas a partires dos Concellos (assembleas con representación de todas e cada una das casas do pobo) que a xente sempre soubo diferenciar do “Untamiento”(sic).

Seguindo algunhas aprendizaxes do fundador de Preescolar na Casa (Antonio Gandoy), coma “O que é necesario é posible e ademais realizable” ou dos teóricos do desenvolvemento a escala humana (desenvolvemento como satisfacción de todas as necesidades propias do ser humano, non só as primarias –alimento, vivenda, educación, saúde- senón tamén protección, entendemento, participación, ocio, creación, identidade, liberdade. Necesidades que son en si mesmas potencialidades humanas individuais e colectivas. Porque entendido así o desenvolvemento inclúe tamén un compoñente social. Tamén, claro, pisar terra, a realidade como guía. E querer, porque quen quere chegar busca camiños e entende que o erro e o fracaso forman parte do éxito, que as dificultades ou matan ou afortalan.

Unha vez situados convén dicir que no CDR O Viso **traballamos** no empeño de mudar o medio rural visitable por un medio rural habitable e habitado. Porque o rural hoxe é un medio baleiro, un paraíso deshabitado; desadornado de xente, di M. Rivas. Se a nivel demográfico, en termos xerais Galicia caracterízase pola perda de poboación, a diminución da natalidade e o envellecemento da poboación a situación no medio rural, no noso medio rural é alarmante.



Fonte: IGE. Cifras poboacionais de referencia.

Velaquí unha imaxe que o di todo: a pirámide de poboación do Concello onde estamos.

PROGRAMAS | PROXECTOS | SERVIZOS ACTUAIS

• Área Educativa-Ambiental

Ante o descoñecemento da realidade rural e natural, a perda de identidade cultural, a reestruturación e os cambios nos modelos

de produción que está a provocar o total esquecemento do acervo cultural nos nosos pobos e aldeas, ofertamos dende 1.994 unha achega de coñecemento vital da realidade rural: entorno natural e humano, modos de vida... mediante o programa do **“Pobo escola”**. Recuperamos –seguimos tratando de facelo cada día mellor- para a acción educativa o patrimonio cultural e social da comunidade rural.

No noso quefacer queremos transmitir que moito máis que a experiencia da natureza é a experiencia da comunidade a clave en **Educación Ambiental**. Participar, axudar, colaborar, contribuir, intervir... Non é cuestión de tratar o medio coma unha entidade dissociada das persoas: non separar o humano do medio. Educación Ambiental como educación sobre o medio, no medio e para o medio. Educación Ambiental como inmersión na realidade, que recolla tamén aspectos subxectivos e vivenciais. Non nos conformamos co obxectivo do coñecemento do medio; perseguimos unha implicación afectiva. Non enfocar só o medio para sacralizalo (no sentido de admiralo) ou descontextualizalo, fragmentalo (non é un museo onde o importante sexan os obxectos). O noso empeño dinamizador é favorecer a aprendizaxe concibindo o Medio como educador total. Educación como “Saber,” como capacidade de comprender a realidade, de intervir nela, de vivir en harmonía cun mesmo, cos demais e coa natureza.

Coa posibilidade de albergarse na antiga casa reitoral -que foi de labranza- restaurada e habilitada, dispoñemos de **aloxamento** durante todo o ano para os grupos que queiran coñecer e participar desta experiencia, ou que simplemente prefiran aloxarse, para levar a cabo as súas propias actividades: colexios, movementos infantís e xuvenís, persoas maiores, grupos de formación e tempo libre, asociacións, familias, amigas e amigos, etc... Capacidade: 40 prazas, aloxados en liteiras. Adaptada e sen barreiras arquitectónicas.

• Servizos de Proximidade

Programa de Emerxencia Social. O obxectivo xeral deste programa de atención urxente é “contribuír á provisión das necesidades básicas de alimentación, hixiene e vestuario das persoas da Comarca da Limia (principalmente dos Concellos de Sarreaus, Xinzo de Limia e Trasmiras) que se atopan en situación de risco ou exclusión social, para mellorar a súa saúde

e calidade de vida, na procura da súa inserción social e laboral”. O programa contempla o desenvolvemento dos seguintes servizos: Servizo de acompañamento, servizo de reparto de alimentos e produtos de hixiene, servizo de hixiene e pequenas curas. Servizo de roupeiro e lavandería.

Ruralemprega-T. É un programa que promove a inserción social e laboral de persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade (desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, mocidade e, especialmente aquelas con baixa cualificación profesional). Ao mesmo tempo, está aberto a toda a cidadanía interesada na mellora das súas competencias para a promoción sociolaboral.

Centro de Día. Un centro xerontolóxico socio-terapéutico e de apoio ás familias da nosa contorna que durante o día presta atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela,



promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e permanencia no seu entorno habitual. O dereito a envellecer cos teus, na túa casa. Un centro para as persoas maiores, para a comunidade rural, onde as persoas son parte activa e non só receptoras de servizos. Desde comezos de 2012.

Centro de Inclusión. Establecemento aberto, non residencial, destinado fundamentalmente a promover a participación de toda a comunidade onde se oferta o servizo de comedor, lavandería, hixiene, etc. En funcionamento desde a década dos 90.

Vivenda Comunitaria. Co ánimo de que as circunstancias non obriguen ás persoas maiores da nosa contorna ó abandono do seu lugar de referencia na súa existencia: a súa casa, a súa xente, o seu pobo... O CDR O Viso, aposta por un modelo de convivencia que se acerque na medida do posible, ós modos de vida normalizados e que supoña, unha alternativa

de continuidade á vivenda habitual. Desde abril de 2002 en Lodoselo (Sarreaus), está “A TÚA OUTRA CASA”, un aloxamento tutelado para persoas maiores cun máximo de 12 prazas. E 2 de emerxencia social.

Servizos no domicilio. Co obxectivo de que os nosos maiores poidan permanecer no seu fogar, ofertamos para aquelas persoas maiores e as súas familias, que necesiten axuda no seu día a día: Servizo de transporte adaptado, servizo de comedor comunitario con subministración externa, servizo de lavandería, servizo de terapia ocupacional e rehabilitación menor, servizo de ludo-biblioteca: préstamo de material didáctico e informativo para familias con maiores dependentes, servizo de préstamo de axudas técnicas e de valoración da accesibilidade do fogar, atención e apoio aos nosos maiores dependentes e ás súas familias e/ou persoas cuidadoras, servizo de acompañamento hospitalario e xestións básicas, servizo de preparación de medicación semanal.





• Área de Formación e Información

CIX da Limia. É un Centro de Información para a mocidade e para toda a comunidade da Limia. O obxectivo é achegar á sociedade Limiá todas aquelas informacións que poidan ser de interese e utilidade, así como facilitar o acceso a axudas, subvencións e outros recursos que poñen en marcha as diferentes administracións. Desta forma o CDR O Viso, a través do CIX da Limia, pretende facilitar a toda a comunidade, especialmente á mocidade a inserción laboral, a mellora da formación profesional e educativa, a promoción do asociacionismo e a participación social e cultural. Desde comezos da década dos 90.

Comercio Xusto. Na oficina do Centro de Información Xuvenil temos instalada unha pequena tenda de Comercio Xusto para que toda a comunidade da Limia poida coñecer esta outra forma de axudar aos países máis empobrecidos.

Escola de Tempo Libre “Limicorum”.

• Acción Voluntaria

Voluntariado europeo. Participamos na rede do Servizo de Voluntariado Europeo (SVE) como organización de envío, coordinadora e de acollida. O Servizo Voluntario Europeo é unha das accións do Programa Erasmus+, cofinanciado pola Comisión Europea.

Participación e voluntariado. Promovendo e posibilitando a “veciñanza” e a militancia rural limiá.

Remato isto facendo fincapé no poder que temos como sociedade civil, como cidadáns se queremos exercelo e non delegar todo; e tratei de amosar neste artigo a nosa mostra de auto-organización do benestar nun medio que está sufrindo os efectos dunhas causas históricas e inercias de fondo que os gobernantes – na súa gran maioría- non xestionaron nin xestionan; unha vía é facelo prestando servizos socioeducativos dunha maneira eficaz, sustentable e creando oportunidades para a xente nova, xerando solidariedades activas e combinando á implicación cívica e social unha garantía pública.





Museo Aberto



Museo Aberto: Lembrar no Museo 2005-2011

Xosé Carlos Sierra Rodríguez– Dirección Museo Etnolóxico de Ribadavia

Rosa Lamas Casado – Biblioteca do Museo Etnolóxico. Ribadavia

Pilar Iglesias Armada – Colaboradora no departamento Educación do Museo Etnolóxico. Ribadavia

Fátima Braña Rey – Universidade de Vigo - Colaboradora do Museo Etnolóxico. Ribadavia

Con motivo das xornadas IV Xornadas Internacionais de Educación social e Xerontoloxía celebradas en Ourense o 1 de outubro do ano 2014 o Museo Etnolóxico foi convidado a trasladar a súa exposición **Museo Aberto: Lembrar no Museo 2005-2011**. Esta exposición realizouse no Museo Etnolóxico en Ribadavia co fin de dar a coñecer o programa *Museo Aberto* e concretamente o proxecto *Lembrar no Museo* que se desenvolveu entre os anos 2005 ata o 2011. Este proxecto constitúe unha iniciativa novidosa, socialmente crítica e moi ilustrativa das posibilidades dun museo para ser un axente máis da sociedade do

benestar. Ao tempo, apreciamos a fecundidade do patrimonio cultural cando ollamos os significados e valores que o patrimonio cultural espertou entre as persoas que participaron nos sucesivos proxectos. Desenvolver o proxecto *Lembrar no Museo* non sería posible sen unha perspectiva multidisciplinar relacionando aos distintos profesionais do cadro de persoal, colaboradores e voluntariado do Museo Etnolóxico, da Asociación de Amigos do Casco histórico de Ribadavia e do Museo Etnolóxico e da Asociación Familiares de enfermos de Alzheimer de Ourense (AFAOR).

O Museo Etnolóxico sito en Ribadavia alberga dentro dos seus muros un rico patrimonio cultural que desempeña un papel importante na construción da memoria e na percepción da identidade. É por iso que todos e cada un dos obxectos e documentos alí conservados proporcionan un excelente pretexto para mergullármonos nos recordos que espertan, reencontrar historias esquecidas e recuperar xeitos de vida, paisaxes e sensacións.

Considerando o beneficio que o manexo destes obxectos e documentos ten para as persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e cumprindo a función social propia dun museo

público, o Museo elaborou, no marco do programa *Museo Aberto*, o proxecto *Lembrar no Museo*, destinado ás persoas afectadas por esta enfermidade. Pretendíase tender unha ponte entre estes enfermos e o seu pasado, empregando técnicas de *reminiscencia* a partir do contacto directo con obxectos e contextos que formaron parte da súa vida cotiá.

Como indica a psicóloga Rosa M^a Almeida con este programa ponse en marcha unha «*psicoestimulación cognitiva utilizando a técnica da Reminiscencia como tratamento terapéutico, permitindo aos participantes crear recunchos de recordos, recuperar vellos rituais e gozar novamente de vellas experiencias, desencadeadas polas lembranzas vividas nos obradoiros; activando a exploración creativa, e mediante diversas temáticas e antigas habilidades, cóidase o presente a través do pasado. Esta técnica posibilita igualmente axudar ao coidador a aceptar a enfermidade e ensinar métodos diversos de axuda, exercitando as destrezas que aínda conservan as persoas enfermas e rompendo con certos mitos*».

Os recordos xerados nos obradoiros realizados e a experiencia de memoria tecida no conxunto de actividades organizadas posúen para o Museo un valor engadido, en canto que nelas actívase un novo patrimonio: o que nace da conexión entre técnicas, enfermas, expertas e coidadoras e o que se configura na interpretación de significados, sentidos e valores. Os recordos poden desvelar significados e, en todo caso, a

combinación de recordos particulares crea unha comunidade de experiencia singularmente rica. É deste modo que as persoas afectadas pola enfermidade contribúen ao coñecemento



e valoración do patrimonio cultural que custodia o museo aportando as súas opinións, mostrando os seus sentimentos e aportando novos significados para os bens e obxectos manexados nos talleres. Prodúcese, xa que logo,

un intercambio de experiencia e valor entre o patrimonio cultural que custodia o Museo e a experiencia das persoas que participan no proxecto. Un intercambio que contribúe ao



benestar e mellora da calidade de vida das persoas enfermas e tamén das cuidadoras.

O traballo dos obradoiros organizouse en sesións e cada sesión contaba con actividades

organizadas para activar todos os sentidos e de acordo á coherencia cun tema xeral establecido na programación. Cada obradoiro e as sesións deseñáronse no Museo e foron acordadas e validadas tanto polo persoal deste como de AFAOR. Ademais procurouse dar voz e contrastar a opinión técnica coa das persoas participantes polo que en cada obradoiro realizáronse sesións de avaliación para coñecer acertos e erros de cara a novas edicións. Segundo as valoracións recollidas de todas as persoas participantes os obradoiros foron cualificados como moi positivos. Separando as valoracións dadas por colectivos implicados pódese dicir que se detectou para algunha das persoas enfermas melloría nas súas habilidades e, de forma xeral deuse unha grande conexión coa actividade e coas persoas que a levaron ao cabo.

As persoas cuidadoras valoraron moi positivamente todo o relacionado coa actividade e coa mellora que supuxo para as persoas participantes, mellora nalgunha ocasión que foi terapéutica.

E finalmente o cadro de persoal, dirección e voluntariado de AFAOR tamén valorou a actividade de forma moi positiva incluíndoa na súa programación para as persoas enfermas e colaborar en todo momento co Museo no desenvolvemento das actividades.

Campo de traballo “social”



Un campo de traballo “social”: experiencia bidireccional

Millán Brea Castro.

Educador social.

Xerente de Lúquete Lecer.

- Experiencias de Animación Sociocultural con maiores.

Resumo

Durante os anos 2009, 2010 e 2011, no Centro de Día de Persoas con Alzheimer de Aixiña (Ourense), desenvolveuse con éxito un Campo de Traballo Nacional de carácter social, que pretendía a través da Animación Sociocultural, dinamizar o día a día dos usuarios/as e traballadores/as durante o mes de agosto, conseguindo realizar diversas actividades de estimulación e animación que involucrasen ao grupo e que servira de experiencia vital e de aprendizaxe tanto aos participantes do Campo, como ás persoas de AIXIÑA.

Comunicación

Nunha primeira aproximación sobre a experiencia, é preciso clarear de que falamos

cando mencionamos un campo de traballo. Trátase na actualidade dunha das actividades do Tempo Libre máis demandada polos mozos (18 -30 anos) a nivel internacional, para cubrir nos meses de verán a demanda de lecer e tempo libre. Hainos moi diversos en canto a obxectivos, organización e calidade das actividades pero todos eles co mesmo fondo de experiencia.

Non debemos alimentar certos tópicos como: campo de traballo = sexo, drogas e rock and roll; e é aquí onde utilizamos a recorrente frase: *“un campo de traballo non é unha alternativa de vacacións senón como alternativa ás vacacións”*.

Os campos de traballo xurdiron como experiencia de paz, convivencia e comunicación e debemos encadralos nese mesmo contexto de valores.

Un campo de traballo, polo tanto, vén sendo unha reunión voluntaria dun grupo de persoas que traballan conxuntamente durante un período variable de tempo para desenvolver tarefas habitualmente demandadas pola comunidade. O carácter voluntario é definitivo xa que non se van recibir remuneracións económicas pola labor a realizar, pero si compensacións doutro tipo: amizade, intercambio cultural, coñecemento

do medio, desenvolvemento persoal, traballo en equipo, posibilidade de autoorganización,... Pódese dicir que é un microcosmo onde se unen persoas de diferentes lugares para mellorar conxuntamente a forma de enfocar a vida; no fondo o que se formula é o dereito a seguir crendo que certas utopías son posibles, que é máis importante traballar polas realidades que unen que polas que separan os seres humanos dende un escrupuloso respecto á variedade cultural, ideolóxica, relixiosa,...

Debe ser tamén un lugar de formación pero non en sentido académico do termo, senón en íntimo contacto co medio que o rodea.

Ao falar de medio non só se fala de medio biofísico, senón dunha realidade máis complexa como é todo aquilo que rodea ao ser humano dende un punto de vista espacial e temporal, por iso é tan importante a idea de relación coa comunidade onde se desenvolva o campo de traballo como medio de exploración e achegamento a esa realidade descoñecida.

Dentro deste concepto amplo de medio é onde se dan a man as grandes utopías da nosa sociedade: loita por un equilibrio ecolóxico compatible co benestar económico, unha demanda dunha maior xustiza social, defensa polas culturas ameazadas, loita contra o racismo nas súas diferentes manifestacións... todo isto dana tanto ao medio como os procesos físicos de destrución do ámbito.

O ser humano, como parte integrante do ámbito, debe darse conta que todos/as dependemos

de todos/as e na medida en que coidamos as relacións co medio especialmente co tocante á convivencia entre os propios seres humanos, estaremos a traballar por un ámbito global.

Todo isto fai que os Campos de Traballo sexan lugares privilexiados para reflexionar e vivenciar valores urxentes na nosa sociedade e experiencias vitais, co cal teñen un carácter inminentemente social.

Tras esta breve fundamentación e cos argumentos anteriormente mencionados, desbotando os míticos tópicos sobre Campos de Traballo, preténdese presentar a experiencia levada a cabo en Ourense, nun Campo de Traballo de temática “Intervención Social” e tipoloxía eminentemente social, intervindo sobre o ámbito humano, concretamente nun centro de día urbano e con persoas afectadas de Alzheimer.

Foi unha proposta atrevida, xa que plantexaba unha actuación cunha marxe de tempo de unicamente 15 días, nos que era preciso ser capaces de actuar e intervir no centro de día, sen o necesario coñecemento inicial tanto da entidade, como das persoas que alí se atopaban e, tamén, sen coñecemento dos propios/as compañeiros/as cos que se ía a formar parte na actividade.

Os obxectivo principais eran o de, por un lado, fomentar a participación dos/as mozos/as nas actividades de servizo á comunidade como expresión de solidariedade e, por outro, fomentar as relacións interxeracionais e os

intercambios culturais a través de actividades de lecer.

Concretouse pois en diversas fases, que a continuación explicaremos tratando de resumir a experiencia deste Campo de Trabajo.

Unha vez o grupo “aterriza” na cidade de Ourense, e coñece ao equipo de traballo e os/as propios compañeiros, comeza a planificación do que serán 4 días de traballo in situ, dentro dun centro de día con persoas maiores, e no que acudiremos en 3 quendas con 6-7 participantes en cada unha delas, xa que a duración do Campo é de 15 días nos que se descansa durante a fin de semana.

Contando cun educador social para a actividade, o proxecto comeza cunha visita ao Centro de día, e tendo o primeiro contacto coas persoas que alí se atopaban. Foi un encontro totalmente informal, no que observaron primeiramente o entorno e disposición das instalacións, para logo interactuar con usuarios/as libremente e comezar a entender o verdadeiro contexto existente.

Tras este encontro, chega o punto de inflexión, que é a análise da realidade e proposta de actividades nos días seguintes. A situación tornouse complexa nos inicios, xa que debería propoñerse unha intervención con varios hándicaps: descoñecemento de usuarios/as, descoñecemento da animación sociocultural e obxectivos principais, e, sobre todo, medo ao erro e medo ao trato coas persoas.

Tra-la visita en horario de mañá, realizase unha planificación baixo a tutela do educador social, no que faise unha planificación sobre a mañá seguinte, na que as dinámicas e obradoiros de manualidades serán os puntos fortes da actividade, aínda que valorando o feito da flexibilidade: ter en conta que unha persoa é diferente e que de un día para outro as realidades poden ser cambiantes. Tamén, non tanto coa proposta en si, foi preciso traballar e axudar a pensar aos/ás mozos/as sobre os seus problemas, así como as súas posibles solucións de cara a un comportamento social, xa que as súas inquiredanzas e ideas preconcebidas poderían limitar a intervención ou boicoteala, aínda que fora dun xeito involuntario.

Prodúcese pois un primeiro troco nos modos de actuación coa primeira “incursión”. O concepto de deseño de actividade ten que adaptarse á realidade das persoas, e non tanto á propia actividade ou aos desexos dos seus “creadores”. O valorar a proposta como flexible, analizando que os obxectivos deben cumprirse, ou se cumpren, sen a precisa posta en marcha das actividades e obradoiros propostos, é fundamental para cambiar o “modus operandi” nas seguintes sesións de planificación. Polo tanto, ser flexible, receptivo e aberto a propostas sen esquecer algo fundamental: ser creativo, orixinal, atractivo e dinamizador.

Polo tanto, a primeira toma de contacto foi dura pero eficaz, xa que se entendeu que a rixidez non levaba ao obxectivo de animación previsto inicialmente. Tamén, as experiencias

vitais de cada un dos participantes saíron á luz e puidemos observar como xa existían historias persoais que marcaban dalgún xeito o trato cos usuarios/as: medo a causar algunha lesión no movemento, medo a non “conectar”, medo a non ser capaces de chamar a atención e, especialmente, empatía e medo a recordar a familiares que xa pasaran por esa situación. Como primeira medida importante, deixando de lado as propias actividades propostas, tivemos que establecer unhas canles de comunicación que fosen efectivas e próximas, creando unha relación na que se fomentou a participación. Conseguiuse romper barreiras artificiais e de prexuízos, o que leva consigo a construír un entendemento mutuo entre ambas partes.

As sensacións comezaban a fluír e en cada unha das reunións de avaliación e programación, existían ocos de tempo cubertos por sentimentos e sensacións encontradas. Por un lado, a gratificante sensación de construír unha actividade útil para un grupo e, por outro lado, a enorme responsabilidade de non querer “meter a pata” pola inexperiencia. Neste momento, a función de motivación e organización do educador social foi vital. Sen a súa figura, posiblemente, o número de

baixas superadas pola situación posiblemente fose bastante alto. Auspiciou a adquisición de destrezas prácticas e sociais, que do mesmo xeito facilitaron o desenvolvemento persoal e do sentido de responsabilidade co grupo.

En canto á reacción do grupo de usuarios/as e traballadoras do Centro, dende a proposta da actividade, ata a chegada e posta en marcha das accións, sempre contamos co apoio incondicional e a disposición total de recursos. Xa despois da propia actividade, avaliando coa coordinación, entendemos que conseguimos os nosos obxectivos con creces, xa que se valorou internamente dun xeito moi positivo, saíndo unha nova proposta de continuidade para anos seguintes.



As sensacións que nos transmitiron foron de éxito e, dunha posible necesidade creada para o verán seguinte, xa que entendían que podíamos non cubrir, senón aportar un novo espazo de intervención fresco e con persoas cunha vitalidade ás veces perdida entre traballo e sentimentos de frustración.

A reacción inicial foi de implicación total. Propoñer que un grupo de rapaces e rapazas, sen coñecementos de animación ou intervención social, chegados/as de todas as artes do Estado español, acudisen ao teu Centro para realizar animación durante o mes de agosto, un mes na cidade de Ourense coñecido pola súa calor excesiva, podería causar certo reparo, mais non atopamos nin un só NON ás nosas propostas. Certo é, que a figura de educador social está ben considerada dentro do grupo de profesionais co que contactamos, polo que a responsabilidade clara partiría sempre desta persoa, feito que tranquilizaba totalmente á Dirección.

Recibimos sempre mensaxes de gratitude fronte ao noso traballo, aspecto que non acababan de entender os/as participantes, xa que para eles/

elas estíbese a converter nunha experiencia vital única e, tal e como sabemos neste intre, irrepitible.

Sen dúbida, para a entidade que propón a actividade, como para os participantes que levaron a cabo o peso da intervención, foi unha experiencia única, con sentimentos de emocións moi fortes. Dende a sensación de participar nun proxecto único e necesario dentro dunha comunidade, á volta a recordos da familia e dos propios avós ou avoas, que tamén sufriron Alzheimer. Sentían incluso, certa rabia pola imposibilidade a transmitir todos aqueles sentimentos ao seu entorno que afloraban coa actividade. Creouse unha máxima e unha responsabilidade individual dentro do grupo, que era a de “ser o troco que queres ver no mundo”. Con esta conclusión, sabendo que 60 persoas pasean a día de hoxe esta idea na súa cabeza, cremos que si conseguimos o noso obxectivo principal: Utilizar a animación sociocultural como recurso para a aprendizaxe dun aproveitamento racional do lecer e o tempo libre con persoas maiores.





Benvidos ao confort

“Benvidos ao confort”

Ángeles Álvarez Pereira
Centro de día Parque Castrelos

1.-Introdución.

É unha boa práctica que facilita un uso personalizado da utilización do wáter e da xestión do cambio de absorbentes das persoas que acoden ao noso centro de día e presentan algún problema de continencia.

Fundaméntase na perspectiva teórica da **atención centrada na persoa**, así como na promoción dun **Traballo Positivo para a Persoa**, que rexeita o uso da **Psicoloxía Social Maligna**.

Xorde como unha necesidade de cambio observada a través do traballo diario, xa que nos parecía que o modelo tradicional non tiña en conta a persoa como un individuo que ten necesidades, hábitos e características distintas entre si.

A incontinencia provoca nas persoas que a padecen:

- Incomodidade
- Humillación
- Vergoña
- AILLAMENTO SOCIAL

2.-O Modelo tradicional de atención:

- Non é flexible.
- Non respecta os ritmos individuais.
- Non facilita a autonomía.
- Non facilita a integración.
- Tende a etiquetar.
- Invalida ao individuo.
- Desempodera.
- Cousifica.
- Estigmatiza.
- Impón.

3.-O Modelo de atención centrado na persoa que nós propoñemos desde Parque Castrelos:

- Apoia.
- Respecta o ritmo da persoa.
- Proporciona recoñecemento.
- Valida.
- Capacita.
- Facilita.
- Empodera.
- Recoñece
- Integra.

4.-Obxectivos desta boa práctica:

Xerais:

- Fomentar a autonomía.

- Proporcionar ás persoas maiores estado de confort.

- Comunicación coa familia
- Revisando e rexistrando os cambios

Específicos:

- Retrasar a incontinencia
- Reeducar control de esfínteres.
- Mellorar o seu estado de ánimo.
- Previr enfermidades.
- Potenciar a inclusión social (S&V)

5.-Aspectos que debemos ter en conta antes de levar a cabo esta boa práctica:

- As diferentes realidades.
- Necesidades específicas de cada persoa.
- As capacidades conservadas.
- Os hábitos e costumes.

6.-Como se leva a cabo:

- Valoración
- Rexistro
- Información sobre hábitos
- Seguimento que rexistre logros

7.-Que conseguimos?

Na persoa:

Elixo, decide, respectamos o seu ritmo, coñecemos os seus hábitos, adaptámonos.

No traballador/a:

- Goza dunha maior autonomía e dá resposta dende o compromiso e a profesionalidade.
- Traballa con Dimensións de Calidade de Vida e Benestar emocional, físico e en certa medida, autodeterminación e inclusión social (S&V).
- Favorece que as persoas sexan tratadas dun modo persoal.
- Evita a rixidez do modelo tradicional.
- Facilitamos a flexibilidade.

A familia:

- Participa.



- Involúcrase.
- Dan continuidade á boa práctica na casa.

8.-Temporalización:

Dende 2003 ata hoxe.

9.-Recursos:

Colaboración e implicación das familias e de todos os profesionais.

10.-Normativa:

Normas éticas e normativa relativa á Protección de datos.

11.-Avaliación:

A través de indicadores cualitativos e cuantitativos.

12.-Resultados:

Conséguese cumprir os obxectivos.

13.-Financiamento:

Non supón un custo adicional, aínda que implica un esforzo de recursos humanos importantes.

14.-Conclusións:

- Todo o persoal coñece as necesidades das persoas que veñen ao noso centro.
- Mellora o confort das persoas.
- Repercute na mellora do benestar emocional, físico e social, o que facilita a consecución dun mellor estado de ánimo, maior participación, mellor autoestima,

autonomía, autoimaxe, etc.

- Ten en conta o respecto ás diferenzas, así como a dignidade das persoas.
- Polo que é unha clara práctica que ten en conta a atención centrada nas persoas.
- O uso axeitado e personalizado do water, tendo en conta as necesidades individuais das persoas, potencia o benestar biopsicosocial das persoas.

15.-Dificultades:

- Profesionais: Aumento de esforzo, adaptación flexible constante, traballa a intimidade das persoas, evitar caer nas rutinas e a cousificación.
- Persoas: Tratar o pudor da persoa dende a intimidade, non saben pedir o que necesitan, quéixanse e non sabes identificar de que, medos, vergoña.
- Familias: As rutinas, a desinformación, cústalles dar continuidade na casa.

16.-Principios éticos:

- Traballamos o principio de xustiza, porque nos adecuamos a cada necesidade específica, xa que nos encontramos con diversas realidades.
- Traballamos o principio de autonomía porque a persoa elixe, decide, respectamos o seu ritmo, coñecemos, adaptámonos.

Intervención Socioeducativa dende os Centros de Día

Intervención Socioeducativa dende os Centros de Día

Alba Campos Sotelo, Equipo ES

Centro de traballo: Área Xerontolóxica COGAMI

1. INTRODUCCIÓN

A través desta ponencia queremos pór de manifesto o papel do educador/a social nos centros de día e máis concretamente falar da experiencia práctica do traballo socioeducativo nos centros de día de COGAMI.

O que pretendemos é mostrar unha forma de traballo onde as persoas usuarias non sexan meras receptoras do servizo senón que sexan copartícipes do seu día a día no centro.

A continuación iremos pois tratando de desgranar como este enfoque teórico se reflicte na praxe pasando así mesmo polos obstáculos a vencer e os novos retos a afrontar. Aportarase o enfoque enfatizando a perspectiva de intervención socioeducativa que nos ocupa nestas Xornadas, onde a figura profesional do Educador/a Social ten moito que aportar dentro do equipo interdisciplinar que conforma este tipo de recurso.

Obxectivos

- *Visibilizar o papel do Educador/a Social nos Centros de Día*
- *Coñecer o traballo socioeducativo realizado nos Centros de Día xestionados por COGAMI*

2. MARCO TEÓRICO/PRÁCTICO

Para comezar imos facer unha breve referencia ao perfil de persoas usuarias nos Centros de Día de Maiores na actualidade.

En rangos xerais prevalecen como maioría en canto a sexo as mulleres, pero incrementándose tamén cada vez máis o xénero masculino.

No tocante ao perfil sobre a autonomía que presentan as persoas usuarias cabe comentar que nos últimos anos a tendencia é a que as persoas que ingresan neste tipo de recurso teñan cada vez maior dependencia. A doenza actualmente con maior visión nestes centros están a ser as demencias. Son as estadías avanzadas as que supoñen un novo reto aos profesionais xerontolóxicos nas metodoloxías de actuación para favorecer a atención centrada na persoa.

Trátase en resumo por tanto dun grupo heteroxéneo con tendencia á dependencia moderada/alta, feito que xera múltiples e diversas necesidades, algunhas das cales poden ser abordables dende a Educación Social como parte dun enfoque integral de traballo.

Para entender a abordaxe que se pode facer neste eido dende a Educación Social podemos ter en conta a propia definición da profesión que ten un carácter pedagóxico e de dereito da persoa a ser integrada nas redes sociais e poder acceder aos bens culturais que lle permitan ampliar as súas perspectivas educativas ao longo da vida, de lecer e participación social.

Así pois dende a Educación Social abárcanse diversos ámbitos concretos de intervención:

1. Animación sociocultural e Educación no tempo de lecer: onde se pretende dinamizar e promover as relacións positivas de convivencia do suxeito co entorno.
2. Xestión Cultural procurando seguir mantendo os vínculos coa cultura do seu entorno...
3. Educación ambiental promovendo consumos responsables e reciclaxe e moito máis no contexto galego onde nos atopamos xa que en moitos casos é dar continuidade ó traballo que viñan desenvolvendo nas súas hortas e casas, cos hortos urbanos ou coa horta terapia.
4. Programa cívico-educativo: nexo continuo da cidade e da convivencia con terceiros na persoa.

5. Programas de educación para a saúde: reincidindo en hábitos de vida saudable con un conxunto de accións de formación, información e prevención que se realizan no seo da comunidade coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas ás que se dirixe.

Estes ámbitos de intervención tradúcense na realidade práctica nunha serie de PROGRAMAS SOCIOEDUCATIVOS que se levan a cabo dentro da xestión do equipo interdisciplinar que teñen por obxectivos:

Previr o deterioro das capacidades psicofísicas e manter o máximo tempo posible as persoas no seu entorno habitual.

Por outra banda non podemos esquecer outro obxectivo que se persegue dende esta área, e non menos importante: impulsar a participación social responsable das persoas maiores, como cidadáns de pleno dereito apoiando o desenvolvemento das estruturas de participación dos mesmos na súa comunidade cultivando as relacións interxeracionais e o respecto cara a diversidade.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN

A continuación imos desenvolver as áreas de intervención pedagóxica onde a figura do educador social complementa o equipo interdisciplinar e a coparticipación do usuario e as boas praxes ao respecto:

ÁREA FORMATIVA E CULTURAL: Ampliar

coñecementos e experimentar novas aprendizaxes para facilitar a adaptación aos cambios, compartir vivencias e opinións. Información e participación noutras actividades sociais e culturais externas o centro.

Nesta área existe un enriquecemento mutuo que transmiten as persoas usuarias coa súa historia, valores e vivencias persoais, das que o resto do grupo fanse partícipes e que na maioría dos casos estas van ser comúns. Trátase de facer actividades demandadas e significativas para as persoas usuarias e adaptar os materiais as súas necesidades.

- **Actividades:**

Realízanse actividades de lectura e escritura en xeral. Lecturas de prensa, de libros na creación do espazo “rincón de lectura”, etc. Trabállase moito a grafo motricidade con aquelas persoas que están perdendo a escritura para retrasar

este feito o maior tempo posible ou incluso algunha persoa aprendeu a escribir no Centro. Relacionado coa historia de vida e vivencias fanse varias actividades como por exemplo ensinar algún oficio artesán, recompilación de lendas e contos do lugar e no tocante á cultura realízanse diferentes e variadas saídas culturais a diferentes medios: museos, teatro, radio... visitas de asociacións culturais e veciñais da cidade, recuperación e/ou coñecemento, participación en festas da cidade. E sobre todo moitos encontros interxeracionais tanto con colexios, nenos e nenas de garderías infantís, ludotecas, centros cívicos...

ÁREA TÉCNOLOXÍA (TICS) E AUDIOVISUAIS:

Adquirir coñecementos en tecnoloxías da información e comunicación (TICS) para aplicalas na vida cotiá, persoal, familiar e social segundo



intereses e necesidades.

Por exemplo actividades: iniciación informática, achegamento a novas tecnoloxías, uso de internet, uso de Tablet, talleres de uso do teléfono ou móbil. Presentación de actividades de xeito audiovisual e realización de vídeos.

ÁREA SOCIOCOMUNITARIA: formación a independencia e o desenvolvemento social para a creación e/ou mantemento das redes sociais e a súa participación como cidadáns que contribúen á sostibilidade da sociedade e co seu coñecemento, experiencia e solidariedade. Como actividades podemos destacar os Encontros entre Centros de Día e outros recursos da comunidade, Intercambios en Centros Escolares con outras xeracións, Xornadas de sensibilización sobre persoas maiores, Xornadas de Portas Abertas dos Centros.

ÁREA LUDICOCULTURAL: Accións de Convivencia, diversión e participación en Festas tradicionais, eventos culturais do municipio nos que as persoas viñeron participando dende sempre e demandan poder seguir participando e achegándose así á comunidade. Aquí encaixaríamos actividades como a celebración das festas patronais, celebración de días especiais...

3. ENFOQUE DE TRABALLO

Todo os programas e actividades ofertados no centro teñen un nexa común que acompaña a praxe. Este nexa son os criterios que marca o noso equipo na súa atención e intervención

de cara á persoa usuaria. Centrándonos en recomendación de boas prácticas que nos da Teresa Martínez sobre a atención centrada na persoa en xerontoloxía e concretamente dende o enfoque da educación social podemos comentar as seguintes:

a) Coñecer á persoa, apoiar a súa identidade e o seu proxecto de vida”

Algunhas pautas de boa praxe que expón Teresa:

- “Coñecer a biografía da persoa e convertela no principal referente da atención”. A este respecto como exemplo práctico podemos destacar, en primeira instancia, a elaboración de historias de vida por parte da persoa usuaria e/ou con colaboración da familia, para poder ter un achegamento máis próximo e real sobre a mesma. Esta labor é desenvolvida polo equipo interdisciplinar e onde o papel da educadora/educador tamén é importante na fase da parte educativo-social.

- “Potenciar os elementos que reforzan a identidade das persoas (imaxe persoal, relacións sociais, hábitos agradables,...)”. Neste eido os educadores e educadoras desenvolven un papel fundamental na conexión co entorno sociocultural da persoa e trabállase moito a conexión co contexto a través das actividades expostas na área de intervención cultural e relacional.

b) Lograr un ambiente agradable que ofrezca “sensación de fogar”.

Algunhas pautas:

- “Evitar os elementos que recorden ao institucional.” Con este recurso, a educadora/educador trata de que as actividades de decoración do Centro non sexan elementos infantís nada acordes coas persoas usuarias senón que sexan representativos para eles e acordes a súa condición e dignidade como persoas maiores.

c) Facilitar a elección e a participación das persoas e identificar actividades que estimulen a cada persoa”

Algunhas pautas:

Aquí téñense en conta os gustos e opinións das persoas usuarias para planificar as actividades así como o respecto pola participación nas mesmas.

Algunhas pautas:

- “Partir da biografía da persoa para manter os seus costumes diarios”.
- “Estar atento ás actividades en que a persoa desfruta e dar resposta coa ampliación desa actividade ou doutras de similares características”, isto se cabe aínda máis especialmente a través da observación no caso das persoas con maior deterioro cognitivo para valorar a satisfacción nas actividades.

d) Facilitar que as persoas decidan sobre a súa actividade diaria e integrar o terapéutico co cotiá”

Algunhas pautas:

- “Ter unha oferta ampla de actividades onde encontremos os seus intereses ou preferencias”.
- “Facer adaptacións individuais nas actividades para que toda a persoa que queira participar o poida facer sen que as súas limitacións sexan consideradas barreiras para a actividade”.
- Valorar o cotián e transformalo en actividades ou espazos terapéuticos. Vestirse, calzarse, varrer... son tamén actividades terapéuticas que poñen en funcionamento habilidades funcionais, cognitivas e de relación entre persoas.

Este aspecto tense especialmente en conta ligado co punto anterior a través de coloquios cos usuarios e da observación do benestar-malestar na actividade. A educadora ou educador, ao igual que o resto do equipo interdisciplinar é parte fundamental na programación das actividades atendendo a estes criterios.

e) Apoiar a participación da persoa maior con deterioro

Algunhas pautas:

- Axustando obxectivos. Onde estes se poden reducir simplemente ao mantemento dunha habilidade ou á busca do benestar físico e emocional da persoa.
- Valorar as pequenas participacións. Sen ter en conta a calidade ou o tempo, simplemente a

participación.

- Mantendo unha observación constante detectar o benestar ou malestar da persoa. Estar pendente da reacción da persoa a unha actividade, especialmente se a persoa ten dificultades para expresarse.
- Comprender as alteracións do comportamento e buscar o elemento ou situación que a provoca, para en caso de ser unha reacción desagradable non se chegue a producir.
- Dar apoios que precise.
- Reforzar os avances aínda que sexan pequenos

f) Facilitar a participación e colaboración coa familia

Algunhas pautas:

- Facendo copartícipes as familias do labor do centro e xerar unha implicación co traballo que se realiza co seu familiar. Pero evitando que ocupen o espazo de decisión do usuario.
- Manter vías de comunicación coa familia que permitan ter unha relación fluída co centro.
- Acompañar á familia en todo o proceso que atinxe ao seu familiar, dende o ingreso no centro ata o acompañamento no loito.
- Manter lugares de intimidade entre familia e a persoa usuaria durante as visitas.

- Manter lugares de intimidade na relación terapeuta e familiar.

g) Promover relacións máis alá das familias

Algunhas pautas:

- Facilitar que as persoas sigan mantendo os seus contactos máis aló do centro aproveitando actividades propias do centro para que estes se manteñan.
- Promover vivencia coa comunidade.
 - Informar sobre os servizos e recursos da comunidade (asociacións, actividades municipais...
 - Propoñer actividades e encontros con grupos alleos ao centro (convivencias interxeracionais, familiares, de centros...)
 - Abrir actividades á comunidade.

Con estes programas e dende esta visión de traballo as FUNCÍONS do Educador/a Social nos Centros de maiores son:

- *Fomentar a integración e participación dos usuarios na vida do centro e do contorno.*
- *Coordinar os grupos de traballo e realizar proxectos de animación sociocultural.*
- *Avaliar e facer seguimento dos proxectos. Participar na comisión técnica.*
- *Realizar as xestións necesarias para a*

integración dos centros de día no contorno socio-comunitario, principalmente coas entidades e institucións locais e familiares.

- *Programar a intervención socioeducativa que desenvolva a sociabilidade das persoas usuarias do centro.*
- *Implicar, con carácter pedagóxico, ás persoas usuarias do centro nos recursos e actividades comunitarias.*
- *Participar no Plan Xeral de actividades do Centro.*

4. CONCLUSIÓN

En COGAMI apostamos por unha Intervención centrada na persoa en todos os nosos centros. Queremos que a persoa usuaria se sinta valorada e intentamos empatizar con ela para saber o que precisa.

Debemos destacar a importancia dunha valoración xerontolóxica baseada nas potencialidades. Non debemos etiquetar as persoas usuarias cunha patoloxía determinada senón que debemos escoitar e observar o seu comportamento, o cal nos vai dicir moito do que a persoa necesita. Estimular a través dos sentidos e un xeito moi efectivo para achegarse á persoa e desta maneira traballar con ela as emocións. A música, as texturas, olores son materiais cos que debemos contar.

Queda moito que facer no eido da xerontoloxía.

Doado é cubrir as necesidades asistenciais das persoas usuarias, pero non queremos quedarnos só con iso senón que se pretende achegar unha calidade de vida entendida como o sentimento de satisfacción en áreas como benestar físico, emocional e as relacións persoais.

Dende o ámbito da educación social traballamos co fin de abrir os centros de día á sociedade, de manter a relación entre as persoas usuarias e o contexto. Isto permite que estas sigan en contacto co entorno ao que pertencen e integralos na sociedade na que conservando as súas relacións interpersoais cos iguais e con outras xeracións.

Cremos que o papel do Educador/a Social nos Centros de maiores é moi importante para conseguir manter o vínculo coa comunidade, promovendo unha participación activa das persoas usuarias tanto dentro como fóra do centro, o cal será moi beneficioso para o seu benestar.



Caixa de Ferramentas

“Cando a reflexión ten vontade de transformar a realidade que nos rodea debe ter un impacto ineludible nas prácticas profesionais que levamos a cabo, e para actuar precisamos dunha bagaxe de ferramentas que dean soporte á nosa acción.”

No apartado “A ter en conta” desta sección presentamos referencias legislativas e bibliográficas básicas no eido da atención ás persoas maiores. En “Mira, le, escoita” recolleemos unha proposta de materiais para ser empregados dende a educación social: filmes, libros e cancións que dan bo pé para a reflexión e o debate. E finalmente, un conto.



Bibliografía

Consejo de universidades (2010). La formación permanente en las universidades españolas. Comisión de Formación Continua.

Lorente, X. (2012): Año Europeo 2012-Envejecimiento activo y Solidaridad Intergeneracional. ¿De qué hablamos?”. *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*, 51, 11-26.

IMSERSO (2011): *Libro Blanco del Envejecimiento Activo*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad Secretaría General de Política Social y Consumo e Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO).

Paneque Sosa, M. (2007-2008): *La protección de los derechos de las personas mayores en España por los defensores del pueblo*. Madrid: Portal Mayores.

IMSERSO (2009-2010): *Derechos de las Personas Mayores. Cuadernos Prácticos*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad Secretaría General de Política Social y Consumo e Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). Publicación en formato papel (2009) e Publicación en liña (2010).

Pinazo Hernandis, S. (2012): Envejecimiento activo y solidaridad intergeneracional. En G. PÉREZ SERRANO, G. (Coord.) *Envejecimiento Activo y Solidaridad Intergeneracional: Claves para un envejecimiento activo*. Madrid: UNED.

Pinazo Hernandis, S. (2013): Envejecimiento activo y solidaridad. *Información Psicológica*, 105, 4-13.

Sánchez, m. (Dir.) y Otros (2007): *Programas intergeneracionales. Hacia una sociedad para todas las edades*. Barcelona: Fundación “La Caixa”.

SOCIEDAD ESPAÑOLA DE GERIATRÍA Y GERONTOLOGÍA (2012): *Decálogo para el buen trato a las personas mayores*. Madrid: Autor.

SOCIEDADE GALEGA DE XERIATRÍA E XERONTOLOXÍA (SGXX) (2014): *Estilos de vida 3.0. Analizando las claves de un envejecimiento en positivo. Una perspectiva holística sobre las palancas de calidad de vida*. Pontevedra: Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía.

SOCIEDAD ESPAÑOLA DE GERIATRÍA Y GERONTOLOGÍA (2011): *Guía práctica del Buen Trato a las Personas Mayores*. Madrid: Autor.

SOCIEDADE GALEGA DE XERIATRÍA E XERONTOLOXÍA (SGXX) (2013): *Investigación, Desarrollo e Innovación en Gerontología y Geriatria*. Santiago de Compostela: Gráficas Garabal SL e Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.

Xunta de Galicia (2012-2013): *Congreso Internacional de Envejecimiento Activo. Preparando nuestro futuro*. Publicación electrónica en red. Santiago de Compostela: Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social.

A TER EN CONTA



INTERNET

Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO)

http://www.imserso.es/imserso_01/index.htm

Consejo Estatal de las Personas Mayores

http://www.imserso.es/imserso_01/el_imserso/relaciones_institucionales/consejo_estatal_personas_mayores/index.htm

Confederación Española de Organizaciones de Mayores (CEOMA)

<http://www.ceoma.org/es/>

Sociedad Española de Geriatria y Gerontología (SEGG)

<http://www.segg.es/>

Portal de Benestar da Xunta de Galicia

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-maiores>

Portal del envejecimiento activo

<http://envejecimientoactivo.es/>

Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía (SGXX)

<http://www.sgxx.org/>

Sociedad Estatal de Programas Universitarios para Personas Mayores

<http://www.aepumayores.org>

Portal Mayores

<http://www.imsersomayores.csic.es>

Asociación de Mujeres por un Envejecimiento Saludable (AMES)

<http://asociacionames.com/>

Mayores Europeos. El portal de la tercera edad

<http://www.mayoreseuropeos.eu/>

Asociación Europea de Alzheimer

<http://www.alzheimer-europe.org/?lang=6E10FFED45D>

LEXISLACIÓN

International Federation on Ageing (IFA)

<http://www.ifa-fiv.org/>

Organización Mundial de la Salud. Envejecimiento

<http://www.who.int/topics/ageing/es/>

Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DDHH). Plan de Acción Internacional de Viena sobre el Envejecimiento.

Decisión nº 940/2011/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de setembro de 2011 sobre o Ano Europeo do Envellecemento Activo e da Solidariedade Interxeracional (2012).

DECISIÓN nº 554/2014/UE do parlamento europeo e do Consello de 15 de maio de 2014 relativa á participación da Unión no programa de investigación e desenvolvemento «Vida cotiá asistida e activa», emprendido conxuntamente por varios Estados membros.

RECOMENDACIÓN CM/Rec (2014) 2 do Comité de Ministros aos Estados Membros na promoción dos dereitos humanos das persoas maiores.

LEI 6/1999, de 7 de xullo, de Atención e Protección ás Persoas Maiores. [BOE 233, Mércores 29 setembro de 1999].

REAL DECRETO 117/2005, de 4 de febreiro, polo que se regula o Consello Estatal das Persoas Maiores. [BOE 31, sábado 5 de febreiro de 2005]

LEI 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. [BOE 299, venres 15 de decembro de 2006]

DECRETO do Excmo. Sr. Fiscal xeral do estado, de data 6 de febreiro de 2008, outorgando a delegación para a protección e defensa dos dereitos das persoas maiores.

REAL DECRETO-LEI 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo. [BOE 65, sábado 16 de marzo de 2013]

LEI 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. [DOG 245, xoves 18 de decembro 2008].

Orde do 16 de maio de 1995 polo que se regula o establecemento de convenios

A TER EN CONTA



LEXISLACIÓN

de colaboración en materia de reserva e ocupación de prazas en centros residenciais e vivendas tuteladas para a terceira idade [DOG 122, martes 27 de xuño de 1995].

Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprilos centros de atención a persoas maiores. [DOG 88, luns 6 de maio de 1996]. Modificada pola Orde do 20 de xullo de 2010. [DOG 145, venres 30 de xullo de 2010].

Decreto 253/2000, do 5 de outubro, polo que se crea o Consello Galego das Persoas Maiores [DOG 207, mércores 25 outubro de 2000].

Orde do 8 de xullo de 2002 que modifica a Orde do 16 de maio pola que se regula o establecemento de convenios de colaboración en materia de reserva e ocupación de prazas en centros residenciais e vivendas tuteladas para a terceira idade [DOG 138, xoves 18 de xuño de 2002].

Resolución do 24 de maio de 2004, da Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade, pola que se fixa o prazo para a realización de convenios de reserva

e ocupación de prazas de tipoloxía asistida en centros residenciais para maiores e se establece o prezo máximo da praza/día. [DOG 145, mércores 28 de xullo de 2004].

Orde do 28 de outubro de 2004 pola que se fixa a competencia para resolución de determinados expedientes administrativos en materia de servizos sociais nas áreas sociais do maior e persoas con discapacidade. [DOG 213, martes 2 de novembro de 2004].

Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se aproba a carta de servizos básica para as residencias de persoas maiores da rede pública da Xunta de Galicia [DOG 207, xoves 26 de outubro de 2006].

DECRETO 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. [DOG 202, xoves 18 de outubro de 2007].

Orde do 13 de abril de 2007 pola que se modifica a do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores [DOG 80, mércores 25 de abril de 2007].

LEXISLACIÓN

Orde do 25 xuño de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social para persoas que padecen alzheimer e outras demencias. [DOG 138, xoves 17 de xullo de 2008].

Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. [DOG 36, mércores 20 de febreiro de 2008].

Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. [DOG 34, venres 19 de febreiro de 2010].

DECRETO 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. [DOG 63, venres 30 de marzo de 2012].

LEI 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. [DOG 249, martes 31 de decembro de 2013].

Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia. [DOG 149, xoves 7 de agosto de 2014].

Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal. [DOG 91, mércores 14 de maio de 2014].

MIRA, LE, ESCOITA

MIRA

Co binomio «vellez e cine» indicamos que o sétimo arte é un instrumento eficaz e idóneo para entender á vellez como un tema importante na actualidade, porque a demografía indica que a poboación maior vai ser cada vez máis elevada. Esta situación determina a necesidade de axudar ás persoas a envellecer, formar persoal técnico na atención socioeducativa das persoas maiores como campo laboral, desenvolver procesos de intervención pedagóxica, especializada e específica para a atención interdisciplinar das persoas maiores, etc.

Director: Ignacio Ferreras
Xénero: Animación.
Drama. Comedia-
Alzheimer. Vejez. Familia.
Discapacidade. Amistad.
Animación para adultos.
Comedia dramática.
Cómico



Mis tardes con Margueritte (2010)

Director: Jean Becker

Xénero: Drama. Comedia-Amistad. Vejez

Para saber máis sobre esta película:

Buitrago Rubira, M^a J.

e Pereira Domínguez, C. (2011):

Filmoteca Padres y Maestros: Mis

tardes con Margueritte.

Revista Padres y

Maestros, 338, 1-4.



Amor (2012)

Director: Michael Haneke

Xénero: Drama romántico. Vejez.

Enfermedad.

Discapacidade




LE

Tamaro, S. (2000):
Dónedel corazón te lleve.
Barcelona: Seix Barral.



Sampedro, J. L. (2009): La sonrisa
etrusca. Madrid: Alfaguara.



Tamaro, S. (2007): Escucha mi
voz. Barcelona: Seix Barral.




De Beauvoir, S. (2011): La
vejez. Barcelona: Editorial:
DeBolsillo.

Albom, M. (2005):
Martes con mi viejo
profesor. Madrid:
Ediciones Maeva, SA.




Alborch Bataller, C. (2014): Los
placeres de la edad. Barcelona:
Espasa.



ESCOITA

Llegar A Viejo
Intérprete: Joan Manuel Serrat

Álbum: Bienaventurados
Sony, 1987
PÁGINA WEB DE JOAN MANUEL SERRAT
<http://www.jmserrat.com/>



**Si se llevasen el miedo
y nos dejasen lo bailado
para enfrentar el presente.**

**Si se llegase entrenado
y con ánimos suficientes.**

**Y después de darlo todo
-en justa correspondencia-
todo estuviese pagado
y el carné de jubilado
abriese todas las puertas.**

**Quizás llegar a viejo
sería más llevadero,
más confortable
más duradero.**

**Si el ayer no se olvidase tan aprisa.
Si tuviesen más cuidado en donde
pisan.**

**Si se viviese entre amigos
que al menos de vez en cuando
pasasen una pelota.
Si el cansancio y la derrota**

no supiesen tan amargo.

**Si fuesen poniendo luces
en el camino, a medida
que el corazón se acobarda
y los ángeles de la guarda
diesen señales de vida.**

**Quizás llegar a viejo
sería más razonable,
más apacible
más transitable.**

**Si la veteranía fuese un grado
Si no se llegase huérfano a ese trago.**

**Si tuviese más ventajas
y menos inconvenientes.
Si el alma se apasionase,
el cuerpo se alborotase
y las piernas respondiesen.**

**Y del pedazo de cielo
reservado para cuando
toca entregar el equipo,
repartiesen anticipos
a los más necesitados.**

**Quizás llegar a viejo
sería todo un progreso,
un buen remate
un final con beso.**

**En lugar de arrinconarlos en la
historia
convertidos en fantasmas con
memoria.**

**Si no estuviese tan oscuro
a la vuelta de la esquina.**

**O simplemente si todos
entendiésemos que todos
llevamos un viejo encima.**



COLECCIONABLE ■■■■■■

TEMPOS MODERNOS 2

Extracto de *TEMPOS MODERNOS2. Historias de amor*, de Celso Fernández Sanmartín

PREÁMBULO

Aquí van historias de amor en cinco ramales: a persoas, animais, plantas, obxectos ou prendas, e lugares.

Fóronlle recollidas de viva voz, entre os anos 2006 e 2007, a persoas maiores e moi maiores que conviven en dúas residencias: unha a de Campolongo en Pontevedra e a outra a de Nosa Sra. das Dores en Lalín.

(...)

Sobre as historias recollidas diría que os recordos son para o corpo (propio e social) kilos de identidade, millóns.

Con estas historias din que identificaron o amor, que o recoñeceron

E nós recoñecemos dous tipos de ocasións: as de vivilo e as de contalo (ou revivilo)

Somos amorosos?

Queiramos non queiramos

Un aceite enormemente protector

Protector para que?

Para todo

Todo que?

Todo ti, o incalculable.

Estas saíron polas súas bocas, e as que perderán de saír.

As palabras son os xestos da cabeza, son o empece da conciencia, e como di Mahmud Darwix, poeta palestino, no seu libro ESTADO DE SITIO, datado en xaneiro de 2002, recluído el na cidade sitiada de Ramala, en Cisjordania:

*¡Vinte liñas sobre o amor escribín,
e paréceme
que o sitio
tivera retrocedido vinte metros!*



ALGUNHAS DAS HISTORIAS DE AMOR

MARÍA ALONSO DOBARRO,
O Porriño, Pontevedra, 74 anos

Ghracias a unha delas non pasou o carro porriba miña, o carro, coas vacas claro, e tíñamos..., chegamos a cerca da casa e había que dala volta, pá casa, e había un regho d'aghua i eu pasei o regho da aghua i as vacas, viñan atrás de min, porque estaba o meu pai por detrás a tanguer nunha, e a quiba diante deulle co corno á outra patrás, i eu no chan caída, e parou o carro, ela fixo parar o carro. E meu pai mirou o relato, mirou o relato todo: como fixo a vaca, como quedei eu, e si non para, pasaba o carro porriba miña. Manda forza eh, manda forza, manda forza! Dios mío, Jasús!

E despois meu pai foi vende-la vaca, e chorou por ela, viñéronlle as lághrimas ós ollos, contoumo el, e eu tamén estaba a vendela, pero claro eu non me fighei no detalle como se fighou el, el chorou pola vaca, así, así, así pasan as cousas.

FLORA PÉREZ VARELA,
A Lama, Pontevedra, 92 anos

O carballo da Antonia. Auntamento da Lama,

de Guende. Era un carballo redondiño moi ben feitiño. Parece que inda o estou vendo hoxe. Pero nada lle tocou. Pasou o forestal por alí e sin embargo non lle tocaron. Respetárono sempre. E despois vouche contar un conto cando acabes con eso. Queres que cho conte agora? Mira, é un matrimonio que iban por unha acera, e entonces a muller íballe decindo ó marido. Esto...Mira, ti sabes que á noite sempre comemos, ti dous ovos e eu un, porque a ti tócache máis cá min, pero hoxe non temos tantos, e como sólo temos dous, entón ti comes un e eu outro, e repartímolos. E díxolle el: eu hei de comer dous! E díxolle ela: home, eso non é xusto, porque tamén eu quedar sin comer por causa de comeres ti... (e dixo o home) Eu hei de comer dous! Pero esto, iba un coxo diante deles, e o pobre non podía correr, e decía el: pobre de min e do outro! Pobre de min e do outro! El xa era o primeiro, porque non podía correr. Este é gracioso, verdá?

ISABEL

A min por Reis reghaláronme unha muñeca de cartón, unha Pepona chamábanlle, con cestiño de lata. E eu toda contenta porque me reghalaran aquela...botáranme os Reis aquela muñeca máis aquilo, e bue... fun ó río e metina no río e rompeu, non hai máis nada que

contar... [meteuna para a lavar?...]... Funa lavar e sali en cachos, porque era de cartón. Agora xa non rompen porque son de plástico, pero de cartón... mire que cousa bonita...

LAURA ALONSO SOBRAL,
94 anos, Mondariz, Pontevedra

A casa máis vella de Mondariz, a máis antiga, con dúas entradas de dous portales, ten máis de douscentos anos, máis, eh! E ten unha sala de dúas camas, outro cuarto igual, a cociña de ferro e a cociña donde se coce o pan de millo. Todo. E foron uns ingenieros á miña casa, a petarme, e dice: –Señora! –que querían? –vende esta... esta casa es suya? (e díxenlle eu) –si señor. –Usted sabe que casa tiene? Pídanos millones. (e díxenlle eu) –nin millones, ni trillones. –véndanos la casa, pida millones, nosotros no nos achicamos. (e díxenlle eu) –pero no la vendo, que es la que tengo. –Pero esta le da para comprar otra... tiene usted una casa de piedra garvanizada que no sabe Usté lo que tiene. Si pide se queda sin ella. Pero eu como tamén tengo el ojo abierto... e non lla vendín, e non lla vendín ... piedra garvanizada. E senón vas a Mondariz e vala ver. Chama... pide... onde é a casa de Laura e vala mirar. [E por que non lla vendeu?...]... –Porque?! Véndolle eu unha casa que tén comodidá de bodega en baixo, canasto, dous barrales, a corte da vaca, todo, e despois vou ir vivir para un piso? Se joderan!.. –Señora Laura, le damos millones, pida!... pida! Que no se la dejamos... –Pero Usté é listo e eu tamén... Marcharon rabiosos....piedra garvanizada... eh... ten un ghran balcón. A casa é ben largha,

que é das antigüas... dúas entradas de dous portales... xa a irás mirar, algún día... e beber unha cichiña que hai, eh... Éche unha historia a miña casa, é unha historia... ten un canastro de seis pés, ten dous barrales, bodega no baixo da casa, un curral ghrandísimo cun portal de pau, agora diciu Gerardo que o cambiou, que fixo un de ferro. Unha casa de rechupete. E comprou a de Fondón meu pai, a Juan de Salghueiro, que ti non sei se... ti non conoces, que casou en Riofrío cunha tal Matilde.

Comprouna meu pai por tres mil pelas, tres mil pesetas, naquel tempo, nadie a quería, non oh!... el mandoulla vir a Juan, e pra se casar vendeu, o número un de Mondariz. Así como cho conto, así como cho conto.

MARÍA VINSEIRO TERCEIRO
86 anos, A Estrada, Pontevedra

Ese anillo... morreu miña nai, e deixoullo a miña irmán, á outra irmán, e despois a outra irmán doumo a min, inda o teño aquí, inda o conservo, velo? Este anillo trouhollo o home dela, trouhollo de Cuba, na Habana, que el andaba en Cuba, tódolos anos iba a Cuba. E despois, cando morreu miña nai, deixoullo a miña irmán e miña irmán deixoumo a min... Calquera non lle ten cariño.

MARÍA VILLANUEVA GOLMAR,
87 anos, Madriñán – Lalín, Pontevedra

-aquí dábame dous nomes un día, eu non sei se eran o dos teus avós...

-serían

-Dolores...
-e outro Andrés
-quixécheslle moito a eles?
-moito, moito, moito! E eles a min, bueno oh...!
Moitísimo! E ós irmaus moito tamén, moito
-e por que lle querías tanto a teus avós? Houbo algunha cousa que che fixeran así especial...?
-bueno... facíanme o que eu quería. Bueno...
inda en cousas que inda eu non quería tanto, peero... tamén non lle podía querer máis, o último que hai, si

MANUEL LORENZO PÉREZ,
79 anos, Dozón, Pontevedra

Eu quérolle máis ó meu lugar, o meu é o meu, non é o 2º nin o 3º, é o meu

PLÁCIDO MILLARES ABELEDO,
17-07-1928 a 10-09-07, Outeiro de Lalín d`Arriba

Por aí abaixo quérolle a moitos lugares

MARUJITA

Todo onde andiven e ando. Na casa de meus tíos de Vilariño, que o pasabamos moi ben alí, estabamos todos xuntos

DINA

Miña abuela Marcelina facíame huevos, dábame viño e defendíame

LAURA

O difunto de meu pai era un cielo

SARA TOUBES SAA,
88 anos, Rodeiro, Pontevedra

Toda a roupa que tiñamos

LAURA

...meu pai... ibamos pró matadeiro. Sempre me traía algo das feiras. Eu non era Laura, era miña compañeira.

SINDA CASAL MOSQUERA,
82 anos, Os Porcallos – Lalín, Pontevedra

Meu pai era moi bo pa min. Traballando do que podía. Das feiras traíame unha rosquilla

PURA I.

Eu o que me acordan pra siempre... os anos que tuven (servindo) no Castiñeiriño, tratáronme coma unha filla

(estas son unhas poucas das historias que tanto estas persoas maiores como outras colaboracións fixeron do proxecto Tempos Modernos 2 un exemplo de coidadoso e cariñoso traballo a prol do patrimonio inmaterial, coas persoas maiores como protagonistas, concentrado en formato panfleto desplegable. Altamente recomendable a súa lectura)



Antía Vidal

“Na procura dun horizonte sen enrugas sociais”
1º Concurso Olladas desde a Educación Social



Tempos de educación social

“Os tempos son chegados di o himno galego, e nós queremos dicir que a educación social tamén ten os seus tempos, tanto nunha perspectiva temporal do pasado, como a actual e a proxectiva.”

Centrámonos desta volta no presente, abordando a profesionalización da educación social no ámbito xerontolóxico.

Preocúpanos...

EDUCACIÓN SOCIAL E XERONTOLOXÍA: CLAVES PARA UNHA RELACIÓN DE FUTURO

Marichu Calvo de Mora González

*Educadora Social e Animadora Sociocultural
Concellaría de Benestar Social, Concello de San
Fernando de Henares (Madrid)*

*Vicepresidenta do Consello Xeral de Colexios
Profesionais de Educadoras e Educadores Sociais
(CGCEES)*

O envellecemento da poboación europea é un reto cidadán que implica un cambio cultural nas relacións entre xeracións, nun contexto social caracterizado por unha crise sistémica e un acelerado desenvolvemento tecnolóxico.

A finais do século pasado, a OMS puxo en marcha unha novo paradigma ao que denominou **Envellecemento Activo**. A ONU e a Unión Europea foron dúas das institucións internacionais que máis fixeron desde entón para levalo á práctica. A celebración, en 2012, do *Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade entre Xeracións*, supuxo un fito significativo a ese respecto. O seu chamamento

a fixar obxectivos ambiciosos e adoptar medidas que permitan ás sociedades europeas facer fronte ao envellecemento demográfico, reforzando a achega participativa das persoas maiores e incrementando a súa independencia, segue vixente máis que nunca e é, sen dúbida, o eixo central sobre o que deben articularse os vínculos profesionais entre a Educación Social e a Xerontoloxía.

O Envellecemento Activo é tamén un dos contidos principais da **Estratexia Europa 2020** para alcanzar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, con altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social. As súas tres premisas fundamentais ben poden ser consideradas como os obxectivos básicos da intervención que podemos realizar desde a Educación Social no ámbito xerontolóxico:

- Permitir aos homes e mulleres permanecer nos seus postos de traballo durante máis tempo, para o que é necesario unha nova cultura das relacións familiares e o uso comunitario do tempo libre.
- Facilitar a cidadanía activa en contornas que canalicen a achega das persoas maiores ás comunidades en que residen e, por extensión, ao conxunto da nosa sociedade.



- Propiciar unha vida independente e saudable a medida que se envellece, na cal é decisiva a existencia dunha contorna local, sociofamiliar, que posibilite a permanencia da persoa maior no seu fogar o maior tempo posible.

Para conseguilo, os e as profesionais da Educación Social temos que propiciar procesos de empoderamento das persoas maiores para que continúen activas durante todo o último período do seu ciclo vital.

Neste sentido, unha das iniciativas internacionais de maior proxección, e coa cal desde a Educación Social deberíamos asumir un estreito compromiso, é a **Rede de Cidades Amigables coas Persoas Miores**, creada pola OMS e impulsada no noso país polo Imserso e un significativo grupo de municipios de todo o Estado.

Non obstante, gustaríame subliñar o feito de que aínda queda un longo camiño por percorrer para que a Educación Social e a Xerontoloxía estean

solidamente enlazadas. Iso débese, en primeiro lugar, ao peso dos estereotipos sobre a vellez e a morte (dous dos grandes tabús na nosa cultura). Se, por unha banda, valoramos positivamente a lonxevidade, por outra seguimos mantendo unha visión negativa da vellez e do potencial participativo das persoas maiores. Este debería ser o noso primeiro obxectivo de debate no ámbito da Educación Social.

A EDUCACIÓN SOCIAL NO ÁMBITO DO ENVELLECIMENTO ACTIVO

As políticas sociais dirixidas á vellez foron evolucionando, no último medio século, da man do crecemento demográfico das persoas de idade avanzada. Primeiro, como resposta aos desafíos económicos (pensións, sanidade e servizos sociais) e, a continuación, como proposta de sensibilización interxeracional nun contexto de transformación comunitaria da vida cotiá.



A vellez é un período vital -o último, por outra banda- no cal aparecen novas posibilidades de autorrealización persoal, á vez que se despraza ao primeiro plano unha crecente preocupación pola memoria e o seu legado ás xeracións máis novas. Isto coñécese como xeneratividade, concepto cuxa formulación científica foi proposta en 1971 polo psicólogo norteamericano Erik Erikson.

A Educación Social é a ferramenta que permite transformar ese desenvolvemento individual

en propostas grupais, é dicir, en ferramentas participativas para o desenvolvemento comunitario. Pero sen un enfoque desde a Xerontoloxía, pasarannos desapercibidas as características específicas das persoas maiores (aquilo que a diferencia das outras xeracións no plano da idade e non no da cidadanía). Isto pode verse con máis claridade se lembramos cales son as funcións propias da Educación Social, definidas detalladamente nos documentos profesionalizadores do CGCEES, entre outros:

1. Transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura.



2. Xestión de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais.

3. Mediación social, cultural e educativa.

4. Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos.

5. Deseño, implantación e avaliación de programas e proxectos educativos.

6. Xestión, dirección, coordinación e organización de institucións e recursos educativos.

Partindo desta conceptualización, podemos definir as áreas de intervención nas que Educación Social e Xerontoloxía se vinculan de forma transversal:

1. Programas de acompañamento familiar e comunitario con todos os recursos do territorio.

2. Puntos de información e orientación socioeducativa para as persoas maiores e as súas familias.

3. Programas de Aprendizaxe ao longo da Vida:

3.1.1. Aprender a coñecer e adquirir os instrumentos da comprensión.

3.1.2. Aprender a actuar e influír na contorna propia.

3.1.3. Aprender a vivir xuntos e a cooperar cos demais participando nas actividades sociais.

3.1.4. Aprender a ser persoas autónomas e críticas, capaces de formular xuí

zos propios e facer fronte á complexidade das nosas vidas.

4. Programas de benestar físico e Educación para a Saúde.

5. Programas de benestar psíquico, cognitivo e emocional.

6. Programas de carácter instrumental e adaptación aos cambios.

7. Programas de benestar socioafectivo: participación cidadá, voluntariado e solidariedade interxeracional.

A nosa profesión, en xeral, caracterízase pola proximidade e o contacto directo coas persoas coas que traballamos, así como pola relación de axuda e acompañamento que establecemos con elas, cos grupos nos que toman parte e coas comunidades nas que residen.

Desenvolvemos a nosa práctica profesional desde os procesos de ensino-aprendizaxe, a partir da aplicación de métodos e técnicas facilitadores das potencialidades individuais e as dinámicas grupais. Neste sentido, e de forma específica, a Educación Social vinculada á Xerontoloxía permitíranos:

1. Prever a vellez dependente e o illamento social, desde un modelo de Atención Centrada na Persoa: intervención integral, integradora, transversal e en rede.

2. Facilitar e mellorar o acceso á información e os recursos.

3. Desenvolver, mediante procesos de ensino-aprendizaxe, capacidades persoais e grupais, proporcionando actividade, orientación e acompañamento nos procesos individuais de envellecemento activo.

4. Modificar condutas e actitudes, incorporando hábitos de vida saudables.

5. Romper os estereotipos asociados á vellez a través de experiencias significativas, proxectando unha imaxe positiva das persoas maiores e das súas achegas á sociedade.

6. Socializar o proceso de envellecemento entre iguais, ofrecendo instrumentos para o empoderamento na xestión do propio proceso de envellecemento e a toma de decisións vitais.

7. Xerar relacións interxeracionais significativas e satisfactorias, xestionando os conflitos no ámbito sociofamiliar, a partir de valores de empatía, respecto e responsabilidade.

8. Posibilitar a cohesión social non reactiva e a adaptabilidade positiva aos cambios.

CLAVES PARA UNA RELACIÓN DE FUTURO

Quero concluír este artigo sinalando as políticas que, ao meu xuízo, deberíamos priorizar no campo da Educación Social dirixida ás persoas maiores:

- Implementar a perspectiva xerontolóxica e interxeracional nos plans de estudo universitarios e de formación profesional en todas as titulacións, orientando aos e as estudantes aos novos xacementos de emprego vinculados ao envellecemento.

- Serano tamén aquelas que desenvolvan programas de aprendizaxe ao longo da vida desde a perspectiva do envellecemento activo, centrados na persoa, o grupo, a comunidade e a participación cidadá, atendendo á diversidade. Hai que apoiarse nas fortalezas e recursos das distintas xeracións que vivan no mesmo territorio e invistan en I+D+i para avaliar a calidade deses procesos educativos.

- O traballo colaborativo entre equipos interdisciplinares de diferentes organizacións públicas, privadas e do terceiro sector, nos que os profesionais da Educación Social exerzan o seu papel orientador, didáctico e mediador será, sen dúbida tamén, unha excelente folla de ruta.

- É necesario **rendibilizar a rede de equipamentos e recursos sociais existente a través de planificacións estratéxicas nos**

territorios. Existe unha extraordinaria dotación de Centros, tanto socioeducativos como socio sanitarios de atención a persoas maiores, que deben adaptar a súa cultura ás novas necesidades e demandas. Hai que revisar a súa normativa básica ou melloralala a través do traballo integral, interdisciplinar e en rede, interactuando co resto de recursos en cada territorio.

- É importante que xeremos Modelos de Boas Prácticas (BBPP) socioeducativas para a intervención e a xestión de equipamentos.
- Incorporar o acceso aos recursos socioeducativos dirixidos ás persoas maiores de 60 anos, deseñando programas específicos para atender a diversidade, a participación e a súa achega á sociedade.
- Intervención de Equipos profesionais interdisciplinares nos que o e a Educador/a Social de Persoas Maiores adquira maior responsabilidade e se incorpore á intervención familiar e comunitaria.

Desde as organizacións colexiais traballamos decididamente en cada Comunidade Autónoma para conseguir que estas políticas sexan unha realidade que ofrezca igualdade de oportunidades en todos os territorios, coa participación das educadoras e educadores sociais especializados neste e outros ámbitos.

O ano 2012, *Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade entre xeracións*, supuxo

un impulso extraordinario coa participación como Consello Xeral de Colexios Profesionais de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES) no Comité Organizador do Ano Europeo, traballo que propiciou a creación da Comisión de Envellecemento Activo, Aprendizaxe ao longo da vida e Interxeracionalidade no noso Consello.

Esta Comisión de traballo Interterritorial artúclase a partir dunha dobre necesidade profesional:

a) **Intercambiar experiencias e boas prácticas** (BBPP) tendentes a xerar coñecemento, deseñar estratexias metodolóxicas innovadoras e levar a cabo a súa divulgación profesional.

b) **Representatividade común dos e as profesionais que traballamos con persoas maiores** desde a Animación Sociocultural e a Educación Social, publicando as experiencias desenvolvidas consideradas como boas prácticas, realizando investigación e establecendo colaboracións con outras institucións universitarias e colexiais.

Como se puxo de manifesto na Declaración de Valencia presentada en noso *VI Congreso Estatal de Educación Social*, celebrado en maio de 2012:

O futuro require do noso saber, do noso facer profesional e do noso compromiso coa sociedade e coas xeracións vindeiras.

A nosa profesión e, en xeral, as profesións sociais, teñen na actualidade e terán no futuro inmediato, un papel esencial na nova época na que entrou a sociedade actual debido ao impacto do envellecemento demográfico. A Educación Social Xerontolóxica é un ámbito específico emerxente e unha perspectiva transversal a incorporar no resto de contextos educativos.

REFERENCIAS

www.eduso.net

www.imserso.es

www.ciudadesamigables.imserso.es

Catálogo de Referencia de Servicios Sociales, en: http://www.msssi.gob.es/ssi/familiasInfancia/inclusionSocial/serviciosSociales/Catalogo_Servicios_Sociales/docs/CatalogoSociales.pdf

ASEDES (2006). Catálogo de Funciones y Competencias de la Educadora y el Educador Social. En Documentos Profesionalizadores. Madrid:

ASEDES. Disponible en: <http://www.eduso.net/archivo/docdow.php?id=143>

La Pedagogía Social en la formación-profesionalización de los educadores y las educadoras sociales, o de cuando el pasado

construye futuros (José Ortega Esteban, José Antonio Caride Gómez y Xavier Úcar Martínez). Disponible en:

www.eduso.net/res/pdf/17/ps_res_17.pdf

La educación encierra un tesoro - Unesco: www.unesco.org/education/pdf/DELORS_S.PDF AIEJI (2005). Marco Conceptual de las Competencias del Educador Social. International Association of Social Educators: Montevideo. Disponible en:

<http://www.eduso.net/archivo/docdow.php?id=148>

Julià, A. (2011). Participación e inclusión. Los retos políticos. Una visión desde Europa (ponencia del Congreso internacional de la AIEJI de 2005 en Montevideo). Revista de Educación Social (RES), 12. Disponible en:

http://www.eduso.net/res/pdf/12/tj_uruguay_res_12.pdf.

Dándolle voltas



A planificación centrada na persoa

A Planificación Centrada na persoa. Un novo paradigma da educación social

Quico Mañós
www.zotikos.net

A miúdo preguntámonos sobre o noso labor cotián no ámbito da educación social. Na complexidade do mundo de hoxe atopámonos a medio camiño de moitas reflexións duais que nos levan a unha reflexión constante que nos permite repensar e construír a nosa profesión. Hai varias cuestións que hai que exporse na tarefa diaria de potenciar procesos de autonomía persoal:

- Intervención social ou acompañamento?
- Atención ou apoio?
- Dependencia? Autodeterminación? Interdependencia?

